

MAXIA NO INSTITUTO

Tranquilos... Todo está no seu sitio, non desapareceu ningún profe e as aulas están onda sempre.

Estou a falar das clases de maxia, que nolas dá Xosé Díaz, o profe de mates.

Para min, como son un alumno novato no insti, é toda unha novidade; ademais, sempre me gustou facer trucos (aínda que non sabía como facelos, agás os do Cola-caio, que xa traían as instrucións), pero non tiña ninguén que me puidera axudar. Así que conformábame con ver na tele "Nada por aquí" (que xa eran cousas superiores), e os magos que pasaban pola vila facendo unha xira de maxia (que, por certo, estivo xenial, aínda que só vin dous).

Coñecín ao mago Teto, que à parte dos trucos de cartas, fixo un de escapismo; ¡quedei alucinado!, puxo unha camisa de forza, das que se usaban nos manicomios, as dúas mans esposadas ás costas e logo todo o corpo atado cunha cadea. Non sei como faría, pero nun plis-plas, libre coma un paxaro.

Outro mago que vin foi o M a g o Antón, que e s t a b a f a c e n d o unha xira no "Magomóbil",



nas localidades do camiño de Santiago. Realizaba maxia de cerca, el era un personaxe chamado Facundo e aparecía vestido de peregrino. Facía tamén uns trucos de mans xeniais (con moedas, cartas, cordeis...). Un dos trucos que máis me gustou consistía en que tiña un almanaque grande con moitas follas, en cada unha había un obxecto debuxado, unha persoa do público escollía unha folla, e de súpeto aparecía con ese obxecto nas súas mans, e na folla xa non estaba; foi xenial.

Contáronme meus pais que unha vez que foran ver un dos seus espectáculos, estivera a piques de morrer; estaba facendo un truco de escapismo que fixera un mago moi famoso chamado O gran Houdini, e meteuse nun acuario con máis de 1000 litros de auga, estaba esposado e tiña que coller as chaves que estaban no fondo do acuario, abrir as esposas e saír. Non foi capaz e tivérono que sacar pasados 3 minutos... ¡que medo debeu pasar! Seguramente dixo: "isto non o fagades nas vosas casas sen a supervisión dun adulto". A isto púxenlle imaxinación e inventeino eu, pois cando isto sucedeu, eu non nacera.

Ben, xa vedes que non teño moito camiño andado por este "Mundo fascinante", pero nas clases de Xosé espero ir aprendendo pouco a pouco algunha cousiña, e quen sabe... ao mellor o día de mañá...

Estiveron no noso instituto o día 1 de Decembro Alexis e Michel, o día da inauguración da Tenda de Comercio Xusto. Estes dous haitianos déronnos unha conferencia na que nos contaron a historia de Haití, como está agora, etc. Aínda que na conferencia falasen os dous, nós a entrevista fixémoslla a Alexis, xa que era o que falaba castelán, ela falaba en francés:

- Pódesnos dicir algúns datos xerais de Haití?

En Haití hai 8,3 millóns de habitantes e 27750 quilómetros cadrados onde o 95% son negros e o 5% son brancos e mulatos. Ten dúas linguas, o francés e o creole é o primeiro país negro independente do mundo, o segundo país despois de Estados Unidos que adquiriu a súa independencia.

Riqueza cultural moi forte onde hai moitos pintores, escritores... e o folclore haitiano é moi buscado a nivel internacional.

- Cales son os principais problemas ós que se enfrenta agora o país?

Problema da seguridade, de pobreza, de educación, saúde, infraestruturas e medioambiente.

- Que solucións lle encontras a estes problemas?

Hai 6 meses que houbo eleccións, onde saíu un presidente democraticamente elixido que está co apoio da cooperación internacional, montando un programa de